

EXPEDIENTE : 2026/E001/000001 (relacionado co expediente 2025/A008/000037)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES OPERARIOS/AS DE SERVICIOS VARIOS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS, E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES OPERARIOS/AS DE SERVICIOS VARIOS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DESIGNACIÓN DE DÍA PARA REALIZAR A FASE DE OPOSICIÓN E CONCURSO

Logo de ver o expediente que se tramita para a selección de tres operarios/as de servizos varios para o Concello de Dodro ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2026, mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 180/2026 do 1 de abril de 2026.

O anuncio da convocatoria e aprobación das bases do proceso selectivo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 9 de abril de 2026 (BOP núm. 65) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro o mencionado anuncio do BOP e as bases reguladoras.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 4ª, referida ós requisitos das persoas aspirantes e a Base 5ª, referida á presentación de solicitudes, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a contratación laboral temporal a tempo completo de 3 operarios/as de servizos varios para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Dodro ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2026 da Deputación provincial da Coruña (BOP núm. 65, do 9 de abril de 2026).

As contratacións serán baixo a modalidade contractual de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 1	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Bustelo Rial, Javier	***842***	Non	Admitido
Rodríguez Ares, José Ángel	***955***	Non	Admitido

Segundo.- Designar ao Tribunal Cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a:

Titular: Juan José Muíños Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Fernando Ares González, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Rosario Rios Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

Titular: Maria Isabel Francisco Saborido persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Sonia María Montoiro Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: José Marcelino Rivera Rarís, funcionario do Concello de Padrón.

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador para a selección de 3 operarios/as de servizos varios, para a súa constitución o día 07/05/2026 ás 11:00 horas no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro e inicio do proceso de selección.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas no proceso de selección de 3 operarios/as de servizos múltiples ao abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2026 o día 07/05/2026 ás 11:30 horas no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro, para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición consistente na realización dunha proba teórico-práctica sobre as tarefas a realizar no posto de traballo: iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas, así como conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación.

As persoas aspirantes acudirán provistos do seu Documento Nacional de Identidade.

Quinto.- Convocar ás persoas que non puideron acreditar mediante o certificado Celga 1 ou equivalente da lingua galega, a realización dunha proba escrita, ás 12:00 do día 07/05/2026 no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Non acreditaron estar en posesión do Celga 1 ou equivalente da lingua galega os seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI
Bustelo Rial, Javier	***842***
Rodríguez Ares, José Ángel	***955***

Sexto.- Continuar co proceso de selección coa fase de concurso de méritos ás 12:30 horas do 07/05/2026.

As persoas aspirantes que non obteñan a puntuación mínima no primeiro

exercicio da fase de oposición e apto na proba de galego, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto NON serán valorados nesta fase. No concurso valoraranse os méritos aportados ata o día en que rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Sétimo.- Que se publique anuncio da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro.

Oitavo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe